

TEMA 3. FERRAMENTAS, RECURSOS E ESTRATEXIAS

Unha vez totalmente planificada a nosa docencia empregando este modelo educativo da aula invertida chega o momento de elaborar os materiais co que o alumnado vai traballar na casa. Lembremos que practicamente a totalidade do traballo na casa en aula invertida consiste en que os alumnos e alumnas visionan uns contidos creados especificamente para eles polo docente para despois traballar sobre eses contidos na aula física do centro educativo.

Como en toda creación dunha obra audiovisual a FERRAMENTA PRINCIPAL para comezar a traballar é un guión. Podemos definir guión como **un documento de produción onde se expón o contido dunha obra audiovisual ou cinematográfica así como os detalles necesarios para a súa realización.**

Se estiveramos a preparar un guión para unha obra de cine ou televisión estritamente falando poderíamos diferenciar entre guión literario, aquel que se escribe polo guionista inicialmente, un guión técnico, onde se detallan todas as necesidades técnicas, tanto creativas como de produción, necesarias para levar a cabo este traballo.

No noso caso realizar un guión ten que ser unha ferramenta que axude e non que nos faga máis complexo o traballo, polo que como estamos a falar de vídeos supostamente de moi curta duración empregaremos un padrón elaborado especificamente para esta formación onde se detalla desde o texto que o docente vai narrar no vídeo, duración estimada, necesidades de produción, materiais audiovisuais que se van engadir no vídeo, etc.

GUIÓN VÍDEO AULA INVERTIDA

UNIDADE:

TÍTULO:

NIVEL:

MATERIA:

DURACIÓN ESTIMADA:

TEMPORALIZACIÓN:

RESUMO

Area for the video summary.

TEXTO

Confederación Intersindical Galega ENSINO (1000 caracteres equivalen a unha narración de 1 minuto) Confederación Intersindical Galega ENSINO



NECESIDADES DE PRODUCCIÓN

EQUIPO TÉCNICO NECESARIO

MATERIAIS NECESARIOS



COMENTARIOS/OBSERVACIÓN

Area for comments and observations.

Temos que ter en conta que non todos os vídeos teñen por que conter unha narración ou explicación verbal, polo que no caso contrario no espazo dedicado ao texto realizaremos unha explicación detallada sobre o que vai acontecer no vídeo.

Podedes descargar este padrón como anexo en formato PDF, ODT e DOC na páxina principal do curso, na sección do tema 3. SERÁ IMPRESCIDIBLE PARA REALIZAR A PROBA DESTE TEMA.

